



# Bando municipal

## Accións preventivas por risco de seca

Veciñas e veciños da Coruña,

Os concellos da área metropolitana da Coruña, actuando en común para maior eficacia da nosa acción, decidimos aplicar unha serie de medidas ante a situación de seca que se prolonga desde hai meses e que, en caso de non remediarse cun réxime suficiente de choiva na próxima estación, ameaza con levarnos a un escenario difícil de cara ao subministro para todas as necesidades da poboación.

As medidas inmediatas que tomaremos a partir de hoxe serán:

- Restrición do consumo en fontes ornamentais e elementos similares.
- Eliminación do baldeo de rúas para a súa limpeza.
- Redución dos regos públicos e privados, xa que a actual situación de humidade ambiental permite racionalizalos.
- Control de consumos en edificios e instalacións municipais.
- Control das perdas da rede de abastecemento, para detectalas e minimizalas.

É necesario tomar conciencia da importancia de levar a cabo medidas de aforro no consumo da auga, evitando o malgasto e minimizando os usos prescindibles. Por iso, como alcalde, solicito a colaboración dos veciños e as veciñas, das institucións públicas e mais das privadas e das empresas con sede no concello, para que se tomen as precaucións necesarias para evitar o gasto innecesario de auga.

Confiamos en regresar á normalidade o antes posible, se o réxime de choivas do resto do outono e do inverno recuperan niveis aceptables, pero temos que estar en disposición de afrontar a prolongación deste estado excepcional das cousas en caso necesario. O persoal técnico de Emalcsa xa está a traballar en solucións, tanto de emerxencia como a longo prazo, para o caso de que a situación de seca sexa longa. Pero precisamos a axuda dos nosos veciños e das nosas veciñas para conseguir un consumo responsable que axude a manter as reservas o máximo tempo posible se chegásemos á peor situación que podemos imaxinar.

Seguirei informando da situación e das medidas que sexa necesario tomar. Conto coa colaboración de todas e todos.

Na Coruña, xoves 16 de novembro de 2017

Alcalde da Coruña